

CANDO UNHA CANCIÓN É AMOR Á TERRA

É interesante observar que unha canción, ademais de estar moi ben construída e de ser un éxito mundial, tamén pode ter contido político.

Moitos emigrantes sono por problemas económicos, pero outros teñen motivos políticos para emigraren. En ambos os dous casos, a música é un vehículo para expresar a nostalxia que senten ao estaren lonxe da súa terra.

Proposta 1: Non, a Cuba de Fidel Castro

Gloria Estefán, artista cubana, tivo que abandonar o seu país cando subiu ao poder Fidel Castro. A razón é moi sinxela: o seu pai traballaba para Fulgencio Batista, o presidente derrotado.

Esta é unha canción nostálgica, pero como a artista é cubana, a nostalxia convertuese nuha explosión de emocións chea de forza e vitalidade

Exercicio 1:

Escoita e disfruta do vídeo de Gloria Stefan. Mi tierra.

A continuación localiza a letra da canción “Mi tierra”. Observa e identifica a curiosa estrutura que ten, Márcaa no texto da canción.

Exercicio 2: Marc Anthony y Gloria Stefan. Mi tierra

Escoita esta actuación en directo destes dous cantantes famosos de salsa, ela é cubana el, portorriqueño. Ambos teñen un amplo repertorio de cancións gravadas, pero é un producto perfecto pola súa riqueza melódica, rítmica e poética...

Nos temas de salsa, a parte final é moi rica porque é cando soltan os cantantes e os músicos a improvisar e a dialogar con música.

Compróbaos.